

PRIMEIROS LECTORES

O canto dos peixes.

Marcos Calveiro. SM
Unha fermosa relación de complicidade entre un vello mariño e un rapaz que comparte a súa soidade e dificultades.



Los oficios de Rus.

Pinto & Chinto. Anaya.
Rus é un can pouco común e algo desastre. Está triste porque sente que non serve para nada, nin como can pastor, nin como can de compañía, nin como can gardián? Ademais, todos os cans do mundo teñen un oficio. Logrará Rus encaixar nalgún oficio para cans?



El detective Lucas Borsalino.

Juan Marsé. Alfaguara
O pequeno Lucas convértese en detective grazas ao poder da imaxinación e á axuda dun chapeu moi especial. Será Lucas capaz de dar co culpable dos misteriosos roubos da súa veciñanza?



Cuentos para niños que se duermen enseguida.

Pinto & Chinto. Kalandraka.
Un libro de 28 contos curtos, como han de ser os que se contan antes de durmir. Pero nos vos deixedes enganar, porque son breves... pero intensos, cargados de ensinanzas, creatividade e moito sentido do humor.



A voda dos ratos.

Margarita del mazo. OQO editora.

De forma irada reacciona o emperador dos ratos da Cochinchina cando a súa filla, unha preciosa rata branca coma a neve, se presenta da man dun rato gris escuro case negro. Convencido de que o que ten ante el dista moito da súa esixencia, ofrécelle a man da súa pequena ao Sol.

O baúl dos monstros.

Ernest Lluch. Baía edicións
Colección de pequeno formato que teñen como protagonista: o home do saco, a momia, a bruxa,... unha morea de clásicos personaxes de medo.

A familia caravana.

Pepe Carreiro. Cumio
Nova serie de libros do creador de Os Bolechas nos que os protagonistas son un grupo de xente de todo o mundo que convive no Ru Run Circus...

